

Desde 2007, a vida de millóns de traballadores e mozos no Estado español e en todo o mundo viuse sacudida pola crise mundial do capitalismo. Preto de cinco millóns de parados, recortes salariais, contrarreformas laborais, ampliación da idade de xubilación, ataques ó ensino público e ós gastos sociais... son as manifestacións máis escandalosas dun sistema decadente que merece ser derrubado.

A idea de que non hai alternativa a estes plans de axuste, insistentemente lanzada desde as tribunas parlamentarias, as televisións e os xornais, só busca xustificar medidas e decisións que se toman en exclusivo beneficio dos poderes económicos. Si, chámanlle democracia, pero non o é: tódolos gobernos que aceptan a lóxica do capitalismo inclínanse servilmente ante os grandes bancos, os especuladores e as grandes empresas (os chamados mercados), que están a obter formidables beneficios no medio da traxedia que vivimos millóns de persoas.

Pero a pesar de todo o sufrimento imposto á maioría da poboación, a crise continúa e a única receita que teñen os defensores do sistema é aumenta-la intensidade e a profundidade dos ataques: a sanidade e a educación pública están a ser desmanteladas e a sufrir privatizacións que pretenden convertelas nun lucrativo negocio



Manifestación de estudantes en Chile

para uns poucos; as reformas do mercado laboral buscan a precarización perpetua dos contratos e os salarios de miseria; o dereito a unha vivenda digna foi suprimido na práctica pola cobiza da banca e o amparo legal dos gobernos, que permiten que milleiros de persoas perdan as súas casas pola execución de embargos e desafiuzamentos.

SOMOS FORTES, SOMOS MÁIS E PODEMOS TRANSFORMA-LA SOCIEDADE

A era do capitalismo salvaxe tamén provocou un movemento masivo de loita que se estende por todo o planeta. En América Latina, millóns de persoas mobilízanse contra a crise e por acabar coas inxustizas sociais. O exemplo dos estudantes chilenos é o último, pero hai moitos máis. No mundo árabe, a poboación, encabezada polos estudantes e os mozos parados e pola clase obreira, protagonizou unha revolución que varreu ditaduras sanguentas apoiadas polas potencias occidentais con impunidade. En Israel, centos de milleiros de traballadores e mozos maniféstanse polo dereito ó emprego e á vivenda. En Europa, as loitas sociais, mobilizacións e folgas xerais estouparon coma un barril de pólvora. En Italia, Portugal, Gran Bretaña, Francia e, por suposto, Grecia, hai un sentimento de rebelión social que conta cada día con máis apoio entre a poboación.

Tamén no Estado español esta rebelión vai adquirindo unhas dimensións cada vez máis amplas e extensas. Desde a folga xeral do 29 de setembro de 2010 até o gran movemento do 15-M e as manifestacións masivas que se sucederon por todo o Estado desde esa data, millóns de mozos e traballadores, de desempregados e precarios, clamamos contra a ditadura dos bancos, os recortes sociais e as institucións políticas da burguesía. Un clamor de indignación social que debemos transformar en loita organizada e consciente.

Si hai alternativa ós plans que cociñan os poderosos. Unha alternativa que pasa pola transformación socialista da sociedade e a defensa dunha política en beneficio da inmensa maioría da poboación.